



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293



FORMACIÓN DE ANPAS – PROTECCIÓN DE DATOS.

Quero que leades algo antes de mirar a documentación que segue:

O que pretende ANPAS GALEGAS con este curso é traballar na difusión dunhas poucas ideas básicas que lle sirvan ás ANPAS para sentirse cómodas no tratamento dos aspectos máis cotiáns da obtención, custodia e arquivo dos datos que posúen pola súa actividade; pero xa dicimos aquí que unha normativa como a de protección de datos, coa súa ampla complexidade, non pode espremerse ao completo nunha charla de pouco máis dunha hora.

Aquí imos dar unhas poucas pinceladas do que é a protección de datos, tentando que entendamos a súa fonda importancia como dereito das persoas, e o enorme respecto que temos que ter cando tratemos os datos que nos entreguen.

Pero só falaremos dos aspectos máis salientables e máis comúns, para tentar crear un marco doado de comprender, pero sen pretender abordar toda a normativa nin as diferentes casuísticas. Para iso hai excelentes profesionais que traballan de acotío neste tema, e non é o noso obxectivo facer o seu traballo nin meternos no seu terreo.

Polo tanto, o que segue é o que entendemos que debe saber a directiva dunha ANPA en relación á protección de datos nas situacións máis comúns, e que é o que cabe agardar no día a día da asociación en relación á cobertura deste dereito.

Dito isto, comezamos.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293



NORMATIVA:

Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello do 27/04/2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos)

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Protocolo de protección de datos persoais – Xunta de Galicia – setembro 2022



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

3

ALGUNHAS DEFINICIÓNS IMPORTANTES:

Datos persoais: “*toda información sobre unha persoa física identificada ou identificable*”, “*considerarase persoa física identificable toda persoa cuxa identidade poida determinarse, directa ou indirectamente, en particular, mediante un identificador, por exemplo, un nome, un número de identificación, datos de localización, un identificador en liña ou un ou varios elementos propios da identidade física, fisiolóxica, xenética, psíquica, económica, cultural ou social*”

Tratamento: calquera operación ou conxunto de operacións realizadas sobre datos persoais ou conxuntos de datos persoais.

Limitación do tratamento: o marcado dos datos de carácter persoal conservados coa finalidade de limitar o seu tratamento no futuro.

Elaboración de perfís: toda forma de tratamento automatizado de datos persoais consistente en utilizar datos persoais para avaliar determinados aspectos persoais dunha persoa física.

Seudonimización: tratamento de datos persoais de maneira tal que xa non poidan atribuírse a un interesado sen utilizar información adicional, sempre que esta información adicional figure por separado e estea suxeita a medidas que impidan a identificación.

Ficheiro: todo conxunto estruturado de datos persoais.

Responsable do tratamento: a persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou outro organismo que, só ou xunto con outras, determine os fins e medios do tratamento. No noso caso: a ANPA.

Encargado do tratamento: quen trate datos persoais por conta do responsable, normalmente a presidencia e/ou a secretaría da ANPA.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

4

Delegado-a de protección de datos: é unha figura que asesora á persoa responsable do tratamento de datos na correcta tramitación das incidencias e exercicios de dereitos e na elaboración das auditorías. Non é obrigatoria para as ANPAS

Destinatario: a quen se lle comuniquen datos persoais.

Consentimento do interesado: manifestación de vontade libre, específica, informada e inequívoca pola que o interesado acepta o tratamento dos seus datos persoais.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293



PUNTO DE PARTIDA :

A protección das persoas físicas en relación co tratamento de datos persoais é un dereito fundamental que recolle a Constitución española, e que o tribunal constitucional sinalou como **“un dereito fundamental polo que se garante á persoa o control sobre os seus datos, calquera datos persoais, e sobre o seu uso e destino, para evitar o tráfico ilícito dos mesmos ou lesivo para a dignidade e os dereitos das persoas afectadas”**

E isto realmente é o que nos debera facer pensar de que estamos falando cando falamos de protección de datos, porque case todo o mundo ten a errónea percepción de que estamos falando dunha barreira burocrática que temos que superar para facer o que realmente queremos, ou do cumprimento dunha serie de requisitos aos que hai que ar cobertura para poder continuar facendo o que xa faciamos, de “papelame”, ou, no mellor dos casos, de trámites que deben garantir un certo anonimato.

Pero a protección de datos é todo iso, e moito máis, e a iso imos dedicar este traballo, a que entre todas tentemos mudar o concepto que se ten sobre esta realidade, cada vez máis ameazada e desprezada, para interiorizar que cando falamos de protección de datos estamos realmente falando de defendermos do abuso alleo da privacidade de cada quen, do dereito a sermos donas dos datos que nos identifican, e – no noso caso – do especial dereito que teñen as crianzas a seren respectadas e protexidas por todas as persoas adultas que as arrodeamos.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

ANALICEMOS UN CHISCO O QUE ESTAMOS DICINDO:

- A protección de datos é **un dereito fundamental**, iso quere dicir:
 - Que é un dereito de cada persoa, e que polo tanto o resto de nós temos a obriga de traballar para garantilo (actuar en positivo), e de non actuar para quitarlle efectividade (non actuar negativamente).
 - Que é un dereito que provén da nosa propia dignidade, non nace da lei; é noso, como o dereito á vida ou á igualdade. Pero iso non quere dicir que sexa un dereito absoluto, porque debe sempre considerarse mantendo o equilibrio con outros dereitos fundamentais (protección de datos contra dereito á saúde, por exemplo).
 - Que é un dereito que vincula a todos os poderes públicos na súa defensa e garantía; ou sexa, é algo que podemos esixir.

- Ten que ver coas **persoas físicas**, por iso non se aplica ás empresas, organizacións, poderes públicos, colexios ou asociacións, ou calquera outra persoa xurídica no que se refire aos seus datos identificativos. E iso é moi importante porque o descoñecemento xeral desta figura fai que se invoque en moitas circunstancias nas que non é axeitado facelo: por exemplo, o dato relativo ao número de docentes, ou alumnado, que hai nun centro escolar non é un dato protexido pola normativa de protección de datos, porque non afecta a ningunha persoa física concreta; pero os datos privados desas docentes ou alumnado si que o son porque xa non son datos de centro escolar, son datos desas persoas..



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293



- Atinxe aos **datos persoais**, ou sexa:
 - É un dereito de noso, polo que somos nós, as persoas quen debemos ter o control dos nosos propios datos persoais.
 - Non deben aplicarse os seus principios á información anónima, ou sexa, á que non garda relación cunha persoa física identificada ou identificable; nin tampouco aos datos que se convertan en anónimos facendo que a persoa interesada deixe de ser identificable.
 - A normativa abeira a utilización e difusión dos datos por parte de quen os posúe con carácter comercial, profesional, administrativo, asociativo, etc; pero **non se aplica ao tratamento de datos de carácter persoal por unha persoa física no curso dunha actividade persoal ou doméstica** (ou sexa, non tes que custodiar de maneira especial a libreta de contactos que tes na túa casa).
 - Os datos persoais que se soliciten deben ser **axeitados, e limitados** ao necesario para os fins que se están a tratar, en particular debe limitarse a un mínimo estrito o seu prazo de conservación, para o que debemos establecer prazos para a súa supresión ou revisión periódica.
 - As persoas interesadas teñen dereito a que os seus datos persoais se **supriman e deixen de tratarse** cando non sexan necesarios para os fins para os que se recolleron.
 - Está prohibido o tratamento de datos persoais que revelen orixe étnica ou racial, as opinións políticas, as conviccións relixiosas ou filosóficas, a afiliación sindical e o tratamento de datos xenéricos, datos biométricos dirixidos a identificar a unha persoa física, datos relativos á saúde ou datos relativos á vida sexual ou orientación sexual dunha persoa física.
- Todo o anterior agás dos casos que recoñece o Artigo 9.2 do Regulamento UE 2016/679, que basicamente exceptúa os casos nos que prevaleza o interese da persoa afectada.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

O CONSENTIMENTO:

É a autorización que outorga unha persoa física para que se traten os seus datos persoais.

Faise en nome propio, ou no das fillas e/ou fillos menores de 14 anos, e:

- Non é incondicionado nin pode obterse de calquera maneira.
- Debe darse mediante un acto afirmativo claro.
- Ese acto ten que reflectir unha manifestación de vontade libre, específica, informada e inequívoca.
- Debe quedar constancia desa expresión de vontade, por escrito ou por medios electrónicos.
- Non serve o silencio (do tipo “se non dis nada, entendemos...”), non serven as celas xa marcadas, non serve nada que non sexa un acto positivo.
- Debe darse para todas as actividades de tratamento, e se este ten varios fins, debe darse para todos eles.
- A persoa interesada debe coñecer, como mínimo, a identidade da responsable do tratamento e os fins aos que pretenden dedicarse os datos persoais que se solicitan.
- Non pode estar supeditado a ningunha condición que faga que o consentimento non se preste libremente.
- A persoa interesada debe poder retirar o seu consentimento en calquera momento, e debe ser tan doado retiralo como outorgalo.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293



PRINCIPIOS relativos ao tratamento:

Os datos persoais serán:

- Tratados de xeito **lícito, leal e transparente** en relación co interesado.
- Recollidos con **fins determinados, explícitos e lexítimos**, e utilizados sempre con eses mesmos fins, pase o tempo que pase.
- **Axeitados, pertinentes e limitados**, en relación cos fins para os que se solicitan.
- **Exactos, e actualizados** (os datos inexactos deben ser suprimidos ou rectificadas)
- **Conservados** de xeito que se permita a identificación das interesados durante o tempo mínimo necesario para os fins do tratamento, agás de que exista un fin legal específico que force á súa conservación.
- **Xestionados** de xeito que se garante a súa seguridade, incluída a protección contra tratamentos non autorizados ou ilícitos e a súa perda, destrución ou dano accidental, mediante a aplicación de medidas técnicas ou organizativas axeitadas. Isto implica un **deber de confidencialidade** absoluto respecto aos datos coñecidos.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

DEREITOS DA PERSOA INTERESADA:

Cando se obteñan os datos a persoa interesada ten dereito a coñecer:

- A identidade e os datos de contacto da persoa responsable e, no seu caso, da persoa representante.
- Os datos de contacto do delegado de protección de datos, se o hai.
- Os fins do tratamento ao que se destinan os datos.
- O prazo durante o que se conservarán os datos persoais, ou os criterios para determinalo.
- A quen se lle comunicarán eses datos
- Que ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento:
- O acceso aos seus datos.
- A súa rectificación.
- A súa supresión ou limitación.
- A súa oposición ao tratamento.
- A portabilidade dos seus datos.
- O dereito a presentar unha reclamación diante dunha autoridade de control
- Se a comunicación de datos persoais é un requisito legal ou contractual, ou un requisito necesario para subscribir o contrato, e cales serían as consecuencias de non facilitar os datos.
- A existencia de decisións automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Os primeiros tres puntos non serán necesarios se a persoa interesada xa dispón desa información.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

DEREITO DE SUPRESIÓN (“Dereito ao esquecemento”):

A persoa interesada terá dereito a obter a supresión dos datos persoais que lle atinxan, e o responsable do tratamento estará obrigado a facelo sen retraso cando:

- Os datos persoais xa non sexan necesarios en relación cos fins para os que se recolleron.
- O interesado retire o consentimento, e este non se basee noutro fundamento xurídico.
- O interesado se opoña ao tratamento, e non prevalezan outros motivos lexítimos.
- Os datos persoais se tratasen se xeito ilícito.
- Os datos persoais deban ser suprimidos en cumprimento dunha obriga legal.
- Se eses datos se fixeron públicos e houbera que suprimilos, o responsable do tratamento adoptará medidas razoables para informar a quen estea tratando eses datos da solicitude do interesado de supresión de enlaces ou copias dos mesmos.

O dito anteriormente non se aplicará cando o tratamento sexa necesario para exercer o dereito á liberdade de expresión e información, para o cumprimento dunha obriga legal, por razóns de interese público no ámbito da saúde pública, con fins de arquivo en interese público, investigación científica ou histórica, ou fins estatísticos.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

DEREITO Á LIMITACIÓN DO TRATAMENTO:

12

A persoa interesada terá dereito a obter do responsable do tratamento a limitación do tratamento dos seus datos cando:

- A persoa interesada impugne a exactitude dos datos persoais, nun prazo que permita verificala.
- O tratamento sexa ilícito, e o interesado non queira suprimir os seus datos senón tan só limitalos.
- A persoa responsable xa non precise os datos persoais para os fins do tratamento, pero a persoa interesada os precise para formular, exercer o defender reclamacións.
- Ao igual que co dereito á supresión, a persoa responsable comunicará esta limitación solicitada a quen se teñan comunicado os datos persoais, agás de que sexa imposible ou esixa un esforzo desproporcionado.

Cando o tratamento dos datos se limitase, estes só poderán ser obxecto de tratamento, coa excepción da súa conservación, co consentimento da persoa interesada ou para a formulación, exercicio ou defensa de reclamacións, para protexer os dereitos doutra persoa física ou xurídica, ou por razóns de interese público.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

NOTIFICACION DUNHA VIOLACIÓN DE SEGURIDADE:

13

En caso de violación da seguridade dos datos persoais, a persoa responsable do tratamento notificará esta circunstancia á autoridade de control competente, de conformidade co artigo 55 do Reg.U.E e, sen retraso indebido, e, de ser posíbel, en non máis de 72 horas logo de que tivera constancia da violación, agás de que sexa improbable que esta violación da seguridade constitúa un risco para os dereitos e liberdades das persoas físicas.

A notificación incluírá, como mínimo:

- A descrición da súa natureza, incluíndo as categorías de datos e o número aproximado de interesados e de rexistros afectados.
- O nome e datos de contacto do delegado de protección de datos ou doutro punto de contacto.
- As posíbeis consecuencias da violación da seguridade.
- As medidas adoptadas ou propostas pola persoa responsable do tratamento para poñer remedio á violación de seguridade, incluíndo as medidas adoptadas para mitigar os posíbeis efectos negativos.

Igualmente, cando sexa probable que a violación da seguridade dos datos persoais supoña un alto risco para os dereitos e liberdades das persoas físicas, a persoa responsable do tratamento comunicará á persoa interesada sen dilación indebida.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

ELABORACION DUN MANUAL DE PROTECCIÓN DE DATOS

14

Coa normativa anterior, a xestión da protección de datos limitábase a informar á Axencia española de protección de datos do tipo de ficheiros que custodiabamos, que datos tiñan incluídos e cal era o seu nivel de protección. Isto desapareceu coa normativa actual.

Agora a persoa responsable da protección de datos (a ANPA) ten que desenvolver unha actividade de protección que debe poder probar cando ocorra un problema, ou teña unha reclamación. Di a Lei 3/2018, no seu artigo 28:

“Os responsables, tendo en conta os elementos enumerados nos art 24 e 25 do Reg 2016/679, determinarán as medidas técnicas e organizativas axeitadas que deben aplicar a fin de garantir e acreditar que o tratamento é conforme co citado regulamento, coa presente lei orgánica, as súas normas de desenvolvemento e a lexislación sectorial aplicable”

Polo tanto, a ANPA debe ter claro como vai tratar os datos, e debe poder xustificar ese tratamento diante de terceiros. O xeito máis doado de facer isto é ter feito un manual de protección de datos no que cada anpa indique, polo menos:

- Que datos recolle.
- Para que os quere.
- Onde os garda.
- Durante canto tempo os garda.
- Como se custodian eses datos.
- Quen é a persoa, ou persoas, encargadas desa custodia.
- Etc.

A nosa recomendación é que vos dirixades a unha persoa profesional e que vos axude a elaborar ese manual. E logo, por suposto, que cingades a vosa actividade ao deseño aprobado.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

RESUMINDO MOITO:

15

- Os datos hai que obtelos informando á xente de:
 - Para que os queremos.
 - Durante canto tempo os queremos.
 - Contándolle que ten dereito a decidir sobre eles sempre.
- E eses son os nosos límites, se lles dicimos que os queremos para enviar información da Anpa, logo non podemos utilizalos para enviarlles información de empresas que pidan difusión, por exemplo. Se lles dicimos que utilizaremos eses datos durante un curso escolar, ao rematar o curso temos que borrarlos e non usalos máis....
- Ten que nos quedar constancia do coñecemento e consentimento de cada persoa interesada. Temos que poder demostrar que temos os datos porque quixeron dárnolos expresamente.
- Temos que ter os datos ben custodiados, e utilizalos só para a razón pola que os pedimos.
- Temos tamén que eliminar eses datos cando xa non existan esas razóns.
- Temos que ter establecido un protocolo interno de xestión dos datos: quen pode acceder a eles, como vai ser ese acceso, quen pode manexar os diferentes tipos de datos, onde están os contrasinais, as chaves, etc.
- **Temos que cumprir con detalle ese protocolo que nós mesmas fixemos.**
- Hai que compaxinar axeitadamente o dereito que ten calquera socia a acceder a toda a documentación da Anpa, co dereito que teñen as persoas a que os seus datos non estean ao dispor de calquera; por iso, é mellor non poñer datos privados nos libros de actas nin no de tesouraría. E en canto ao libro de socias, se alguén pedira velo teríamos que crear unha versión “censurada” na que non só se vise o nome da socia e o seu número de asociada.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

O PROTOCOLO DE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS DA CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN

Ata aquí falamos da protección de datos dende o punto de vista de quen recibimos eses datos e temos a obriga de utilizalos correctamente. Todo o anterior, entón, ten que ver coas nosas obrigas como defensoras da privacidade dos datos doutras persoas.

Agora imos falar doutro tema, igualmente importante, que é como se tratan os nosos datos, como nais e pais, e os das nosas fillas e fillos, nun centro escolar, dende o punto de vista da consellaría de educación.

E tamén, por suposto, como podemos, como ANPAS, defender ese tratamento correcto, e esixir que se cumpra ese protocolo na súa xusta medida, sen limitalo, pero tamén, que iso é importante, sen utilizalo para poñer paos na roda das familias e das nenas e nenos.

Veredes que moitos conceptos se repiten, pero preferimos duplicalos, en primeiro lugar porque non ven de máis lelos dúas veces; pero tamén porque hai, nalgúns casos, pequenos matices que cómpre ver no contexto xeral.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

Definición de dato persoal:

No ámbito educativo galego teñen a cualificación de datos persoais do alumnado:

- O seu nome e apelido, número de teléfono, domicilio, correo electrónico, etc.
- Tamén os datos relativos ás cualificacións.
- As ausencias, xustificadas ou non.
- As fotografías ou vídeos.

Sen esquecer que no mesmo ámbito tamén se tratan datos persoais relativos ás persoas proxenitoras, á contorna familiar ampla do alumnado, do persoal que presta servicios no ámbito educativo, e mesmo doutras persoas que participan accidentalmente na vida escolar (conferenciantes, visitantes, etc).

Categorías especiais de datos

Seguindo a liña do artigo 9.1 do RXCD, teñen especial protección:

- Os datos que revelen a orixe étnica ou racial.
- As opinións políticas.
- As conviccións relixiosas ou filosóficas (ser alumno-a da materia de relixión non é especialmente defendíbel, porque non quere dicir que participe desa confesión).
- A afiliación sindical
- Datos xenéticos
- Datos biométricos
- Datos relativos á saúde (aí están os datos relativos á discapacidade e os que están nos informes psicopedagóxicos).
- Datos relativos á vida sexual ou ás orientacións sexuais.

Non ten categoría especial a información relativa á violencia de xénero, porque o RXPD non o contempla, pero hai que ter especial coidado porque é unha circunstancia que rapidamente se relaciona coa seguridade e cos datos relativos á saúde, que si son de especial protección.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

Tratamento de categorías especiais de datos:

Como norma xeral está prohibido tratalos, pero hai excepcións, as máis importantes das que son aplicábeis á administración educativa autonómica son:

- Consentimento explícito da persoa interesada.
- Necesidade para o cumprimento de obrigas e o exercicio de dereitos específicos da persoa no ámbito do dereito laboral e da seguridade e protección social.
- Necesidade para a protección de intereses vitais.
- Cando sexa necesario para a formulación, exercicio ou defensa de reclamacións.
- Por razóns dun interese público esencial
- No ámbito da saúde pública.
- Necesidade con fins de arquivo en interese público, de investigación científica ou histórica ou fins estatísticos.

Como en todos os casos, non abonda con que alguén diga “é por razóns de interese público esencial”, cando se apela a esa excepción hai que motivala e demostrala.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

Persoa responsable do tratamento de datos:

A persoa responsable do tratamento respecto dos centros educativos públicos galegos é a Secretaría Xeral Técnica da Consellaría de Educación. É esta SX e non cada centro, a responsable do tratamento dos datos persoais relativos ao profesorado e persoal non docente, así como dos datos persoais do alumnado e das familias

Persoa encargada do tratamento dos datos:

Esta figura refírese a entidades alleas á organización, que son contratadas ou colaboran cos centros no desenvolvemento das súas funcións e realizan actividades que poden implicar un tratamento de datos persoais (servizos de comedor, transporte, extraescolares, etc).

Non se consideran encargadas do tratamento as persoas físicas que teñan acceso aos datos persoais na súa condición de empregadas do centro ou da Administración educativa (equipo directivo, profesorado, persoal de administración, etc)

Persoa delegada de protección de datos (DPD)

E a persoa que ten funcións de información e asesoramento á persoa responsable do tratamento. Na consellaría de educación estableceuse a designación dunha persoa delegada, e outra suplente, con competencias en todos os centros docentes públicos.

A esta persoa delegada será a quen se comuniquen as dúbidas que xurdan coa finalidade de harmonizar os tratamentos de datos persoais nos centros educativos; será tamén a quen se lle comunique calquera incidencia, ou calquera queixa ou reclamación que puidesen facerlles chegar aos centros o alumnado, as familias, ou o propio persoal do centro.

Persoal interlocutora en cada centro:

Cada centro educativo público galego ten que designar a unha persoa que se encargará de trasladar as cuestións á DPD.

Ademais, existe un formulario electrónico para que as persoas interesadas contacten coa DPD:

<https://www.xunta.gal/delegados-de-proteccion-de-datos>.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

Principios da protección de datos:

Principio de licitude: só poderá realizarse o tratamento de datos persoais ao abeiro dunha das bases lexitimadoras do artigo 6 do RXPd.

Obriga de transparencia: ao que recoller os datos hai que informar de:

- Quen é a persoa responsable do tratamento.
- Datos de contacto do/a /DPD.
- Finalidade para a que se solicitan os datos.
- Persoas destinatarias dos datos persoais.
- Dereitos das persoas interesadas e onde exercitalos.
- Prazos de conservación dos datos.
- Dereito a presentar unha reclamación diante da AEPD

Principio de limitación da finalidade: os datos deben recollese para unha finalidade concreta que debe coñecer a persoa afectada.

Principio de minimización de datos: só deben recollese os datos persoais que sexan axeitados, pertinentes e limitados ao necesario en relación aos seus fins.

Principio de exactitude: os datos deben ser exactos e, se fose necesario, actualizados

Principio de limitación do prazo de conservación: os datos deben ser mantidos durante non máis tempo do necesario para os fins do tratamento.

Principio de integridade e confidencialidade: os datos deben ser tratados coas medidas técnicas ou organizativas apropiadas, garantindo unha seguridade axeitada.

En canto ao deber de confidencialidade: hai que destacar que todas as persoas que interveñan en calquera fase do tratamento estarán suxeitas a ese deber ao que se refire o artigo 5.1.f do RXPd; é unha obriga que é complementaria dos deberes de segredo profesional.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

Bases lexitimadoras para o tratamento de datos persoais:

21

1. Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento:

A base lexitimadora para o tratamento dos datos do alumnado e das súas familias é a propia LOE, que establece na DA 23:

“Os centros docentes poderán solicitar os datos persoais do seu alumnado que sexan necesarios para o exercicio da súa función educativa. Os devanditos datos poderán facer referencia á orixe e ambiente familiar e social, a características ou condicións persoais, ao desenvolvemento e resultados da súa escolarización, así como a aqueloutras circunstancias cuxo coñecemento sexa necesario para a educación e orientación dos alumnos. Os pais ou titores e os propios alumnos deberán colaborar na obtención da información á que fai referencia este artigo. A incorporación dun alumno a un centro docente supoñerá o consentimento para o tratamento dos seus datos e, no seu caso, a cesión de datos procedentes do centro no que estivese escolarizado con anterioridade, nos termos establecidos na lexislación sobre protección de datos. En todo caso, a información á que se refire este apartado será a estritamente necesaria para a función docente e orientadora, non podendo tratarse con fins diferentes do educativo sen consentimento expreso”

- Polo tanto neste caso non será preciso o consentimento.
- Os datos non poderán usarse para outras finalidades diferentes da función docente e orientadora.
- Isto non implica a exclusión do deber de información.
- Se se precisan eses datos para outro suposto, hai que pedir o consentimento.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

2. Relación contractual:

Será lícito o tratamento dos datos persoais de contratistas ou representantes cando sexa necesario no marco da execución dun contrato.

Se a empresa contratista ten acceso a datos persoais dos que é responsable a administración educativa, deberá subscribirse entre ámbalas dúas partes un contrato de tratamento de datos por conta de terceiros.

3. Cumprimento dunha obriga legal aplicable á persoa responsable do tratamento:

Non se reclamará consentimento cando os datos se traten para cumprir unha obriga legal da persoa responsable do tratamento, como a publicación das listaxes de admitidos ou a concesión de axudas.

Isto non é carta branca, porque aínda que non faga falta consentimento, si que se deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a difusión innecesaria ou desproporcionada.

- Atendendo sempre ao principio de minimización.
- Evitando que haxa un acceso indiscriminado á información: só en taboleiros de anuncios no interior do centro, ou nunha páxina web de acceso restrinxido.
- Retirando as listaxes cando xa non sexan necesarias.

4. Protección de intereses vitais da persoa afectada:

O tratamento de datos será lícito cando sexa necesario para protexer intereses vitais da persoa interesada ou doutra.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

5. Consentimento:

O consentimento é toda manifestación de vontade libre, específica, informada e inequívoca pola que as persoas aceptan, sexa mediante unha declaración ou por unha clara acción afirmativa, o tratamento de datos persoais que lle atinxen.

Podemos resumilo nas seguintes regras:

- Se non hai encaixe noutra base lexitimadora, requirirase o consentimento. Pero no ámbito das administracións públicas será unha base lexitimadora residual.
- O consentimento poderá ser retirado en calquera momento, e debe poder facerse por medios tan sinxelos como os que se utilizaron para outorgalo.
- A retirada do consentimento non ten carácter retroactivo.
- Se as finalidades do tratamento son diversas, os consentimentos deben ser tamén diversos, un para cada finalidade.
- As persoas maiores de 14 anos poden outorgar o consentimento para o tratamento dos seus propios datos persoais, incluídos os datos relativos á súa propia imaxe. Esta posibilidade non afecta aos supostos nos que se requira a capacidade de obrar: saídas fóra do centro escolar, participación en determinadas actividades non relacionadas directamente coa función educativa...
- Con carácter xeral, agás do establecido para o desenvolvemento da función educativa, non poderán recadarse da persoa menor datos que permitan obter información sobre os demais membros da unidade familiar (se precisan eses datos teñen que pedírllelos ás persoas titulares deles, non ás nenas-os menores).
- Si que se permite recoller da persoa menor os datos de identidade e enderezo da nai, pai, ou titor-a coa finalidade de recadar o seu consentimento.
- Está expresamente prohibido recadar do alumnado datos sobre a situación laboral dos seus proxenitores.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

Xestión dos datos persoais nos centros públicos de ensino galegos

24

Simplificación administrativa:

Procurarase a reutilización interna dos datos achegados ao centro educativo.

Non se solicitará documentación que fose emitida polo propio centro educativo.

Recollida de datos persoais:

Se é preciso elaborar formularios específicos de matrícula, estes respectarán o deber de información, recollendo só os datos axeitados, pertinentes e limitados á finalidade do tratamento.

Comunicación de datos a outras entidades:

Non se considerará como tal:

- Nin a transmisión entre departamentos e unidades dependentes da administración educativa.
- Nin a transmisión realizada a empresas que teña a consideración de encargadas do tratamento.

Destácanse as seguintes comunicacións, sempre coordinadas coa finalidade pola que se ceden os datos:

- Os traslados de expediente por cambio de centro educativo.
- Cesión ao/a Defensor/a del Pueblo dou valedor/a do Pobo.
- Cesión ao ministerio fiscal e a órganos xudiciais.
- Cesión aos servizos de menores da consellaría de Política Social.
- Cesión aos servizos sociais municipais.
- Cesión aos servizos sanitarios.
- Cesión ás Forzas e Corpos de Seguridade.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

Comunicacións de datos singulares:

Comunicacións ás ANPA e outras entidades ou asociacións:

Con carácter xeral, os centros educativos non poderán comunicar datos persoais do alumnado nin dos seus proxenitores ás ANPA sen o consentimento previo das persoas interesadas.

Unha excepción: que a ANPA fose considerada encargada do tratamento dos datos, por ser contratada para prestar un servizo ao centro educativo. É un suposto moi estraño.

(AVISO: non o di o protocolo, pero é bo momento para dicir que a comunicación de datos contraria, da ANPA ao centro escolar, tampouco está permitida pola normativa sen o consentimento das persoas interesadas)

Comunicacións aos proxenitores de datos persoais do alumnado maior de idade:

En principio non poderá facilitarse información académica do alumnado maior de idade aos seus proxenitores sen consentimento inequívoco da alumna-o.

Porén, o protocolo entende que cabería entender un interese lexítimo por parte das nais-pais do alumnado economicamente dependentes para coñecer a súa evolución académica. Neste caso, o centro deberá comunicar á alumna-o a solicitude de información, de forma que esta poida oporse ao tratamento dos datos solicitados.

Polo tanto, presúmese ese interese lexítimo, a salvo de que a alumna-o se opoña.

Comunicación de datos doutro alumnado distinto dos propios fillos e fillas:

Non pode facerse en ningún caso sen o consentimento do alumnado (se é maior de 14 anos) ou dos seus proxenitores (se é menor) interesados.

(AVISO: isto pode semellar raro, pero non o é, tede en conta que aquí están os avós, tíos, parellas da nai-pai que non sexan nai-pai do neno-a, etc)



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

Publicación de datos persoais nos taboleiros e páxinas web dos centros:

- Terán que realizarse no interior do edificio do colexio ou na páxina web dos centros educativos
- Haberá que buscarlles encaixe nalgunha das bases lexitimadoras:
- Cumprimento dunha obriga legal, como a concesión de subvencións, que aínda así deberan limitarse para que terceiras persoas non interesadas non poidan acceder á información persoal (dentro dos centros, en páxinas web de acceso limitado). O mesmo ocorre coas listaxes de admitidos, censos electorais, etc.
- Cumprimento dunha misión realizada en interese público: pódense colocar listaxes de alumnado por clases, materias ou actividades nos taboleiros de anuncios ou na entrada das aulas, durante un tempo razoable.
- Consentimento, isto inclúe a publicación de listaxes de cualificacións académicas, é necesario o consentimento previo das persoas afectadas, agás de que estea legalmente previsto, como nas probas específicas).
- En caso contrario non hai opción de publicación.
- As listaxes deberán publicarse o tempo mínimo necesario.
- A identificación das persoas será a través do nome e apelidos e catro cifras numéricas do documento de identidade (no caso dos DNI, as cifras das posicións cuarta a sétima) (No caso dos NIE, as cifras das posicións quinta a oitava).
- A publicación só debe recoller o resultado final do baremo. Sen ningún dato que permita poñer de manifesto información sensíbel ou capacidade económica.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

Consideracións particulares sobre o tratamento de imaxes:

As fotografías están dentro dos datos que un centro educativo pode recadar dentro da súa función docente, aos efectos de identificación do alumnado.

Igualmente, a gravación de imaxes podería estar lexitimada na existencia de fins educativos, como traballos escolares ou avaliacións.

Cando as imaxes non correspondan a unha finalidade educativa ou orientadora, como é o caso de gravación de imaxes de eventos para dar difusión ás actividades do centro, é preciso o consentimento informado das persoas interesadas.

É importante ter en conta que non pode limitarse o dereito do alumnado a participar nunha actividade concreta a que dea o seu consentimento (directo ou a través dos seus proxenitores) a que se capten e publiquen as súas imaxes. Nestes casos, haberá que evitar gravar ás persoas que non autorizaron o tratamento dos seus datos, ou eliminándoas ou pixelándoas antes da publicación.

O protocolo indica unha serie de recomendacións e boas prácticas:

- Con carácter xeral captaranse imaxes de planos xerais e dende unha perspectiva que faga non identificables ás persoas físicas que aparezan.
- Nunca se captarán imaxes que poidan resultar lesivas para a intimidade, dignidade, honor ou boa imaxe, como aseos, comedores, vestiarios, zonas de descanso...
- Terase especial dilixencia á hora de seleccionar as imaxes que se difundirán.
- Recoméndase suprimir as imaxes cando deixen de ter relevancia.

O consentimento, particularmente no caso das imaxes, non pode ser xenérico, ten que recadarse para cada fin concreto, e terá que referirse non só á cada actividade concreta, senón tamén a cada medio concreto no que pretenda publicarse.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

Consideracións particulares sobre os proxenitores non unidos legalmente por vínculo matrimonial ou análogo:

28

A inexistencia de vínculo xurídico entre os proxenitores non afecta a patria potestade respecto dos fillos e fillas menores, que é compartida con independencia de que a garda e custodia sexa compartida ou estea atribuída a un dos proxenitores. Isto sempre agás sentenza ou resolución xudicial contraria.

Polo tanto, ámbolos dous proxenitores teñen dereito a recibir a mesma información sobre as circunstancias que concorran no proceso educativo da-o menor, polo que é obriga do centro garantir a duplicidade da información relativo ao proceso educativo.

Pero isto non é automático:

- O proxenitor que non ostente a garda e custodia deberá solicitar esa información por escrito ao centro.
- Os proxenitores deberán comunicar ao centro calquera modificación das medidas xudiciais que afecten a patria potestade ou a custodia.

En calquera caso:

- Non se facilitará ningunha información a quen estea privado da patria potestade.
- Se na copia do documento que se poida solicitar houberse información da outra persoa proxenitora, esta información eliminarase da copia que se entregue.
- Nos casos de autorizacións para captación de imaxes, saídas didácticas, etc, abondará coa sinatura de quen en cada momento ostente a garda e custodia.

Especialmente problemático é o acceso á información do alumnado por parte de persoas que non son a súa nai ou pai, como as parellas destas ou outros familiares, nestes casos:

- Como norma xeral: abondará con que un dos proxenitores outorgue a autorización.
- Divorcio ou separación legal: a autorización terá que ser dos dous proxenitores.
- Se hai discrepancia entre proxenitores, o centro non facilitará esa información a terceiros agás autorización xudicial, ou acordo posterior.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

Consideracións particulares relativas aos sistemas de aprendizaxe virtual:

Para o normal desenvolvemento da actividade educativa, os centros dependentes da administración educativa só deben utilizar as ferramentas postas a disposición polos servizos centrais da consellaría a través da Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia (Amtega).

No caso da realización de actividades educativas complementarias, tales como proxectos de innovación ou proxectos europeos poderán utilizarse as plataformas previstas para estes efectos, sempre que:

- As ditas plataformas estean baixo a responsabilidade expresa dun organismo público no espazo económico europeo e cumpran os requisitos do RXPD.
- O centro conte coa autorización expresa e inequívoca (por escrito) das persoas interesadas.

En canto á retransmisión de clases en liña:

- Só poden ser accesibles ao profesorado e alumnado ao que van dirixidas, e o seu uso será exclusivamente docente.
- O alumnado non pode realizar gravacións das clases, circunstancia da que serán avisados.
- O profesorado podería gravar as clases se o fai cunha función estritamente educativa, informa previamente ás persoas interesadas (posibilidade que debe estar contemplada nas programacións do proxecto educativo do centro); adopta as medidas de seguridade e previsión necesarias e realiza a gravación con medios corporativos para logo arquivala en equipos igualmente corporativos. Na gravación velarase pola non identificación do alumnado; e non poderá ser utilizada con ningunha outra finalidade.
- É posible, en situacións de semipresencialidade, retransmitir a actividade presencial na aula para o alumnado que non acode ao centro. Nesa retransmisión gardaranse as mesmas cautelas: non identificación do alumnado presente, uso de ferramentas da consellaría e información de non divulgación ao alumnado.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

En canto á gravación de exames ou sesións docentes realizadas en liña ou de maneira presencial:

Non existe unha base lexitimadora que permita gravar, as probas de avaliación de carácter virtual.

Polo tanto, a posibilidade de gravación será sempre excepcional, nunca a regra xeral.

Poderanse gravar exames orais, ou situacións análogas como concertos, xa que en caso contrario non quedaría traza documental aos simples efectos de proba, coas seguintes condicións:

- A gravación realizarase con dispositivos públicos e gardarase en arquivos públicas, nunca con medios persoais da persoa docente.
- Conservarase durante un tempo limitado ao imprescindible para o cumprimento dos prazos de cualificación e revisión.
- Á gravación só poderá acceder o persoal docente e a persoa interesada (ou nais, pais, se é menor).
- Previamente deberá advertirse ao alumnado da gravación e facilitar a información completa do tratamento.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

Deber de sigilo das familias e do alumnado:

Ao igual que o profesorado e demais persoal dos centros escolares, as familias e o propio alumnado tamén teñen que respectar a intimidade, honor e imaxe dos demais membros da comunidade educativa, polo que tampouco poden difundir a información da que teñan coñecemento.

Especificamente, isto afecta á captación de imaxes de eventos deportivos, festivos ou culturais. As familias e o alumnado deben saber que esas imaxes só poden ser utilizados para un uso persoal ou doméstico e a súa difusión está limitada ao ámbito familiar e privado.

Por iso, sería conveniente que o centro informe ás familias da súa responsabilidade no caso de que as imaxes se divulguen en contornas abertas, como as redes sociais, por exemplo.

Gravación de sesións de órganos colexiados:

É unha posibilidade contemplada na Lei 40/2015, pero que non é unha imposición legal, polo que a decisión de gravar ou non as sesións deberá adoptarse como calquera outro acordo pola maioría de votos no órgano colexiado.

En calquera caso, de facelo, terá que ser a través de medios que garantan a seguridade, autenticidade e integridade dos ficheiros gravados, así como o acceso a estes por parte dos membros do órgano colexiado.

O que o protocolo prevé como unha fórmula posible, se alguén quere que se graven as sesións ,é que se inclúa na orde do día da convocatoria na que se vai decidir, a información sobre este aspecto, se informe da protección de datos e se vote, sen posibilidade de veto (se alguén non quere que se graven, o que ten que facer é non participar se non quere).

O acordo de gravar as sesións presentes e futuras, ou simplemente unha sesión, anotarase na acta correspondente..



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

As gravacións realizaranse con medios e para arquivos corporativos, nunca en ferramentas persoais de almacenamento.

32

Todos os membros do órgano colexiado teñen garantido o acceso ás gravacións. O protocolo propón como un método acaído a remisión do ficheiro a través do correo corporativo con acuse de recibo.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 695 251 109 - 600 699 293

CONSIDERACIONES CON RESPECTO ÁS ANPA

33

- As ANPA son entidades con personalidade xurídica propia, responsables do tratamento dos datos persoais que recollan.
- Son independentes dos propios centros educativos , teñen autonomía e organizan as súas propias actividades, polo que, con carácter xeral, recolleran pola súa conta os datos que precisen para o desenvolvemento das mesmas.
- Cuestión diferente é que os centros poidan facilitar a comunicación entre as ANPA e as persoas interesadas.
- Porén, se por exemplo un centro organiza actividades extraescolares, e decide que será a ANPA quen levará a xestión delas, nese caso a Anpa terá a condición de encargada do tratamento de datos persoais, polo que se requirirá a sinatura dun contrato segundo o que se establece no apartado 9 do protocolo.
- Para a publicación de datos persoais, incluídas as imaxes, das asociadas ou os seus fillos e fillas, as ANPA, cando actúen como responsables do tratamento, deberán seguir as seguintes pautas (que son as mesmas que se dan para os propios centros)
 - Con carácter xeral captaranse imaxes de planos xerais e dende unha perspectiva que faga non identificables ás persoas físicas que aparecen.
 - Nunca se captarán imaxes que poidan resultar lesivas para a intimidade, dignidade, honor ou boa imaxe, como aseos, comedores, vestiarios, zonas de descanso...
 - Terase especial dilixencia á hora de seleccionar as imaxes que se difundirán.
 - Recoméndase suprimir as imaxes cando deixen de ter relevancia.